



## MOCIÓN SOBRE A RETIRADA DO ACORDO DE APOIO Á CAMPAÑA BOICOT, DESINVESTIMENTO E SANCIONS (BDS) DIRIXIDA A ISRAEL

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:


### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na sesión plenaria do pasado 9 de novembro de 2015 foi aprobada -cos votos favorables dos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de CA, PSOE e BNG- unha moción, presentada polo grupo de Compostela Aberta, de declaración do Concello como espazo libre de discriminación contra o pobo palestino israelí e de adhesión á campaña BDS (boicot, desinvestimento e sancións), e, concretamente, de abstención de colaboración co Estado de Israel en calquera proxecto de desenvolvemento, así como de difusión e apoio á referida campaña.

O Grupo Popular non secundou a moción. Mostrando a nosa solidariedade co pobo palestino que quere vivir en paz e nun Estado viable, advertimos a innecesariedade de declarar Santiago de Compostela como espazo libre de discriminación contra o pobo palestino israelí, e mostramos a dificultade e a inconveniencia competencial de abordar desde unha perspectiva municipal unha cuestión tan delicada, complexa e multicausal como a relativa ao conflito entre Israel e Palestina; e, sobre todo e en todo caso, advertimos que non sentiamos odio ou xenreira ningúns contra o pobo ou o Estado do Israel, entes que deben quedar a salvo da crítica que se poida facer respecto das decisións dun goberno.

A Moción aprobada foi impugnada no marco da xurisdición contencioso-administrativa, e neste senso cabe lembrar que acordos municipais semellantes, promovidos fundamentalmente por grupos vinculados a Podemos, foron anulados pola Xustiza, ao entenderse que non resultaban respectuosos coa Lei e o Dereito; anulación que debería facer reflexionar á Corporación Municipal sobre o mantemento do referido acordo .

Xa á marxe da improcedencia do acordo por razóns de legalidade ou por razóns de política internacional, en clave de Cidade semellante Moción de boicot ao Estado de Israel se revela como un despropósito, pois o que si boicotea son as oportunidades que emprendedores e cidadáns de Santiago e de Galicia poderían atopar na relación cun país como Israel.



En consecuencia, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para a súa consideración por parte do Pleno o seguinte

**ACORDO:**

O Pleno do Concello de Santiago deixa sen efecto o acordo adoptado no Pleno do 9 de novembro de 2015, relativo a adhesión á campaña BDS, e insta ao Goberno Municipal a normalizar e promover as relacións con Israel en beneficio da Cidade.

Santiago de Compostela, a 18 de xullo de 2016.



Alejandro S. Brunete Varela  
Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular